

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

19527 *Real decreto 1678/2011, do 18 de novembro, polo que se regula a información sobre os dereitos de tráfico aéreo procedentes dos acordos con Estados terceiros nos cales España sexa parte e o réxime do seu exercicio.*

A apertura dos mercados de transporte aéreo artellouse tradicionalmente a través de acordos bilaterais entre Estados, nos cales estes se outorgan dereitos de tráfico. Non obstante, a tendencia no ámbito da Unión Europea é substituír progresivamente os acordos bilaterais con Estados terceiros por acordos multilaterais, negociados de forma conxunta no seo da Unión Europea con estes Estados terceiros.

Todos estes acordos de servizos de transporte aéreo abren novas oportunidades para as compañías aéreas, ao permitirilles operar novas rutas ou intensificar as operacións naquelas existentes, ao tempo que contribúen a potenciar o coñecemento entre os pobos e a dinamizar a actividade social, cultural e económica.

Tendo en conta a transcendencia que para o sector do transporte aéreo ten este tipo de acordos, tradicionalmente establecéronse mecanismos para que este tivese un coñecemento preciso dos acordos subscritos por España e, fundamentalmente, dos dereitos de tráfico aéreo xerados por eles. Non obstante, é conveniente regular as condicións mínimas obrigatorias en que se debe prestar esta información, dotando da maior transparencia o sistema e reforzando a seguridade xurídica para todas as partes interesadas.

É aconsellable, así mesmo, adoptar un procedemento específico para a asignación destes dereitos de tráfico aéreo, que adecue as disposicións xerais da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ás peculiaridades propias do sector aeronáutico e dos dereitos que se asignan.

Este procedemento, transparente e non discriminatorio, resulta de aplicación á asignación de todos os dereitos de tráfico obtidos en virtude dos acordos de servizos de transporte aéreo nos cales España sexa parte que establezan limitacións sobre o uso dos dereitos de tráfico ou sobre o número de compañías aéreas. Desenvólvese, por tanto, o procedemento previsto no artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 847/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre negociación e aplicación de acordos de servizos de transporte aéreo entre Estados membros e Estados terceiros, facéndoo aplicable aos acordos multilaterais que establezan igual tipo de limitacións.

Non obstante, naqueles supostos en que os dereitos de tráfico dispoñibles son suficientes para cubrir as demandas das compañías aéreas simplifícase a fase de instrución do procedemento de asignación dado que non existe concorrencia competitiva e a concesión de dereitos de tráfico a unha compañía aérea non prexudica o dereito das restantes interesadas. En tales casos, non é preciso proceder a unha valoración dos proxectos que determine a exclusión daqueles que resulten peor valorados, abondando con verificar a solvencia do proxecto e que non concorren as circunstancias determinantes da denegación dos dereitos de tráfico solicitados.

En relación cos dereitos de tráfico derivados de acordos nos cales non se establece limitación ningunha sobre o seu uso ou sobre o número de compañías aéreas que poden operalos, normalmente a maior parte dos acordos multilaterais negociados conxuntamente no seo da Unión Europea, prevese que poidan ser operados por calquera compañía aérea que reúna os requisitos específicos que en cada caso estableza o acordo, sempre que contén coa autorización do seu programa de operacións que outorga a Axencia Estatal de Seguridade Aérea. Non obstante, estes dereitos de tráfico están suxeitos ao

control da Dirección Xeral de Aviación Civil, que poderá revogalos cando concorran as circunstancias expresamente previstas no acordo e neste real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, coa aprobación previa do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as obrigas de información sobre os dereitos de tráfico procedentes dos acordos de servizos de transporte aéreo subscritos con Estados terceiros nos cales España sexa parte e regular o seu réxime de asignación, exercicio e control.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación e competencia.*

1. Este real decreto é de aplicación aos acordos de transporte aéreo, bilaterais ou multilaterais, que se subscriban con países terceiros, en que España sexa parte, así como á asignación, exercicio e control dos dereitos de tráfico procedentes de tales acordos.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, non serán de aplicación as disposicións deste real decreto sobre a asignación e o exercicio de dereitos de tráfico que resulten incompatibles co disposto nos acordos sobre servizos de transporte aéreo nos cales España sexa parte.

3. A Dirección Xeral de Aviación Civil é o órgano competente para a aplicación do disposto neste real decreto.

CAPÍTULO II

Información sobre os dereitos de tráfico

Artigo 3. *Obrigas de información sobre os acordos de servizos de transporte aéreo.*

1. A Dirección Xeral de Aviación Civil, a través da páxina web do Ministerio de Fomento (www.fomento.es), facilitará información actualizada sobre:

a) Os dereitos de tráfico dispoñibles nos mercados aéreos entre España e os Estados terceiros con que se conclúsen acordos de transporte aéreo.

b) A previsión de futuras negociacións internacionais sobre acordos de servizos de transporte aéreo que se vaian emprender.

c) Os criterios de valoración dos proxectos operativos aplicados pola Dirección Xeral de Aviación Civil nos procedementos de asignación de dereitos de tráfico, conforme o previsto no artigo 12.

d) Os acordos de iniciación dos procedementos de asignación de dereitos de tráfico.

e) O resultado dos procedementos de asignación de dereitos de tráfico.

f) A renuncia, a revogación e a transferencia dos dereitos de tráfico asignados.

2. Cando as compañías aéreas titulares dos dereitos de tráfico soliciten o atraso da publicación da información prevista no punto 1, letras e) e f), fundado na confidencialidade da súa planificación comercial, a Dirección Xeral de Aviación Civil poderá acordar atrasar

a publicación da dita información polo tempo imprescindible para garantir a dita confidencialidade.

En ningún caso se considerará que a publicación desta información afecta a confidencialidade da planificación comercial da compañía aérea, se a dita publicación resulta conforme cos criterios ou disposicións establecidos no ámbito comunitario.

Artigo 4. *Consulta ás compañías aéreas.*

A Dirección Xeral de Aviación Civil, en calquera momento anterior á negociación dun acordo de servizos aéreos, poderá solicitar das compañías aéreas información sobre os dereitos de tráfico que estarían interesadas en operar.

Esta información poderase solicitar directamente das compañías aéreas ou mediante consulta coas asociacións españolas de compañías aéreas máis representativas.

CAPÍTULO III

Réxime de asignación dos dereitos de tráfico en mercados con limitacións

Artigo 5. *Procedemento de asignación de dereitos de tráfico.*

O procedemento regulado neste capítulo é aplicable á asignación dos dereitos de tráfico obtidos en virtude dos acordos de servizos aéreos subscritos con Estados terceiros en que España sexa parte, cando os ditos acordos prevexan limitacións sobre o uso dos dereitos de tráfico, así como aos supostos en que estes dereitos de tráfico queden liberados por calquera causa.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, enténdese que os acordos de servizos aéreos prevén limitacións sobre o uso dos dereitos de tráfico tanto cando exista limitación respecto ao número de dereitos como cando se prevexan limitacións sobre o número de compañías aéreas que poden optar a ser beneficiarias de tales dereitos.

Artigo 6. *Lexitimación.*

1. Unicamente poderán concorrer ao procedemento de asignación de dereitos de tráfico obtidos por España, en virtude dun acordo bilateral de servizos aéreos subscritos cun Estado terceiro, as compañías aéreas establecidas en España que contan cunha licenza de explotación outorgada de acordo co establecido no Regulamento (CEE) n.º 1008/2008, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de setembro de 2008, sobre normas comúns para a explotación de servizos aéreos na Comunidade.

2. Á asignación de dereitos de tráfico obtidos en virtude de acordos multilaterais subscritos con Estados terceiros en que España sexa parte poderán concorrer as compañías aéreas que reúnan as condicións establecidas no acordo subscrito.

Artigo 7. *Iniciación do procedemento de asignación.*

1. O procedemento de asignación de dereitos de tráfico iniciárase de oficio a Dirección Xeral de Aviación Civil.

As compañías aéreas interesadas poderán comunicar á Dirección Xeral de Aviación Civil o seu interese en que se proceda á iniciación do procedemento.

2. No acordo de iniciación faranse constar os dereitos de tráfico dispoñibles, o prazo de presentación das solicitudes de participación no procedemento de asignación, o valor ou marxes de valor que se debe atribuír aos criterios de valoración dos proxectos operativos que concorran ao procedemento e, se é o caso, as condicións adicionais ás previstas con carácter xeral neste real decreto que sexa preciso satisfacer atendendo á natureza do mercado e que serán tidas en conta na valoración das solicitudes.

As condicións adicionais a que se refire o parágrafo anterior serán de carácter obxectivo e en ningún caso suporán restricións no acceso aos dereitos de tráfico das compañías aéreas lexitimadas.

3. O acordo de iniciación do procedemento publicarase na páxina web do Ministerio de Fomento (www.fomento.es) e comunicarse a todas as compañías aéreas que, no procedemento de consultas previsto no artigo 4, amosasen interese na obtención dos dereitos de tráfico dispoñibles e ás asociacións españolas de compañías aéreas máis representativas.

Por razóns de interese xeral, o director xeral de Aviación Civil poderá acordar a publicación do acordo de iniciación no «Boletín Oficial del Estado» e, se é o caso, no «Diario Oficial de la Unión Europea».

Artigo 8. *Condicións da solicitude.*

1. As compañías aéreas que, reunindo os requisitos exixidos por este real decreto, concorran á asignación dos dereitos de tráfico dispoñibles conforme o acordo de iniciación do procedemento deberán presentar as súas solicitudes no prazo previsto no acordo de iniciación, por escrito, na forma establecida polo artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou por calquera medio electrónico que permita ter constancia da súa autenticidade, nos termos previstos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

A solicitude, dirixida ao director xeral de Aviación Civil, deberá estar redactada na lingua prevista no artigo 36.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. A solicitude deberase acompañar do proxecto operativo que a compañía pretende desenvolver no mercado ao cal pertencen os dereitos de tráfico solicitados. O proxecto incluírá, cando menos, a seguinte información:

a) As características do servizo proposto, con identificación, cando menos, das características da ruta, a descrición dos servizos e itinerarios propostos, as frecuencias previstas, o tipo de aeronaves que se pretende utilizar, a súa configuración e capacidade, o tipo de operación, con código propio ou compartido, os enlaces previstos, se é o caso, e as condicións establecidas para asegurar a continuidade do servizo, así como a pertenza a unha rede global, se é o caso.

b) A relación calidade-prezo ofrecida aos consumidores, especificando, entre outros, o abano de prezos previsto, os servizos ofertados aos pasaxeiros e as prestacións a bordo.

c) A accesibilidade dos usuarios ao servizo, incluíndo as medidas que se prevé adoptar para asegurar a accesibilidade das persoas con discapacidade ou mobilidade reducida e expresando, entre outros, as modalidades de reserva previstas, as oficinas de contacto, a rede de vendas e os servizos electrónicos que se prevé poñer á disposición destes para o acceso ao servizo.

d) A capacidade técnica e comercial da compañía aérea para proporcionar os servizos e garantías da viabilidade e continuidade da operación. Para iso, proporcionarase información sobre a situación económico-financeira da empresa, o plan de viabilidade económica do proxecto concreto, o impacto competitivo, a información sobre a pertenza a unha alianza, se é o caso, e a capacidade operativa.

e) O impacto do proxecto na mellora da conexión das rexións.

f) A memoria económica do proxecto, incluíndo, entre outros, a desagregación das previsións de custos e ingresos asociados a esa operación, tanto globais como en termos unitarios, a oferta prevista, horas bloque, as previsións de demanda, contratos, relación con axentes operadores e calquera outra circunstancia relevante para os efectos de valorar a viabilidade económica do proxecto.

g) A memoria sobre o impacto ambiental do proxecto.

h) A duración e a data proposta para o comezo dos servizos que, en ningún caso, poderá exceder un prazo de doce meses desde a data do acordo de iniciación, salvo que no dito acordo se prevexa un prazo distinto.

i) Os relativos a calquera outro requisito adicional que previamente se fixase no acordo de iniciación pola Dirección Xeral de Aviación Civil, atendendo ás características específicas do mercado.

j) A incidencia do proxecto no desenvolvemento das infraestruturas e a creación de emprego estimada.

3. Se a documentación presentada conforme o previsto neste artigo non reunise os requisitos exixidos nos puntos 1 e 2, o órgano instrutor requirirá a compañía aérea interesada para que emende as deficiencias detectadas no prazo máximo de 10 días. Se a compañía aérea non presenta en prazo a documentación requirida, considerarase que desiste da súa pretensión.

A emenda de defectos no proxecto operativo presentado limitarase a completar o contido mínimo previsto no punto 2, non sendo admisible nin obxecto de valoración a reformulación ou mellora do proxecto operativo presentado.

Artigo 9. *Instrución do procedemento e confidencialidade.*

1. O responsable da unidade da Dirección Xeral de Aviación Civil con competencias en materia de convenios internacionais de servizos aéreos é o órgano instrutor do procedemento, competente para o seu impulso, ordenación e instrución.

2. A información incluída no proxecto operativo cualificada como confidencial polas compañías aéreas non se poñerá á disposición dos competidores co obxecto de non minguar as súas vantaxes competitivas.

No caso de que a cualificación de confidencialidade alcance datos que fundadamente se consideren irrelevantes para tales efectos, o órgano instrutor, logo de audiencia da compañía aérea titular do proxecto operativo, determinará que información cualificada como confidencial pode ser obxecto de coñecemento polas compañías aéreas que concorresen ao procedemento.

Artigo 10. *Proposta de resolución.*

1. Cando os dereitos de tráfico dispoñibles en cada procedemento sexan insuficientes para cubrir as demandas das compañías aéreas que concorran ao procedemento de asignación, analizadas as alegacións dos interesados ao informe de valoración e asignación de dereitos de tráfico, conforme o previsto no artigo 11.5, o órgano instrutor redactará a proposta de resolución.

2. Cando os dereitos de tráfico dispoñibles en cada procedemento sexan suficientes para cubrir as demandas das compañías aéreas que concorran ao procedemento de asignación, o órgano instrutor comprobará que non se dan as circunstancias determinantes da denegación dos dereitos de tráfico solicitados, conforme o previsto no artigo 13.2.

Efectuada esta comprobación, o órgano instrutor redactará a proposta de resolución, logo de audiencia das compañías aéreas que concorran ao procedemento, salvo que se poida prescindir deste trámite, de conformidade co previsto no artigo 84.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. A proposta de resolución conterá a relación de solicitantes aos cales se asignan os dereitos de tráfico e, se é o caso, o resultado da valoración dos proxectos operativos e a desestimación expresa do resto das solicitudes.

A proposta de resolución poderá deixar sen asignar dereitos de tráfico dispoñibles nos supostos previstos no artigo 13.2.

4. Nos supostos previstos no punto 1, ademais da proposta de resolución, poderá incluír unha relación ordenada, con indicación da orde de prelación, de todas as solicitudes que, sendo adecuadas para xestionar os dereitos de tráfico dispoñibles, non fosen seleccionadas por non existiren dereitos de tráfico suficientes.

Cando a proposta de resolución faga uso da facultade conferida neste punto informarase diso a todas as compañías aéreas incluídas na relación, co obxecto de que, no prazo improrrogable de dez días, cada unha delas manifeste a aceptación do exercicio dos dereitos de tráfico que lles corresponderían conforme a proposta de resolución e as súas condicións, tamén no suposto de que a asignación de dereitos de tráfico lles correspondese por non aceptación doutras compañías mellor cualificadas.

Se calquera dos concorrentes renunciase a manter a súa solicitude á vista dos dereitos de tráfico cuxa asignación se propoña na proposta de resolución, estes

outorgaranse ao solicitante ou solicitantes aos cales lles correspondesen atendendo á orde de prelación.

A eficacia da relación ordenada, con indicación da orde de prelación, de todas as solicitudes regulada neste punto circunscribe ao procedemento que finaliza coa resolución ditada de conformidade co previsto no artigo 13.

5. A proposta de resolución elevarase ao director xeral de Aviación Civil, se é o caso, unha vez concluído o trámite previsto no punto precedente, para ditar a resolución que proceda conforme o previsto no artigo 13.

A proposta de resolución non crea dereito ningún a favor dos interesados propostos.

Artigo 11. *Valoración dos proxectos operativos.*

1. Nos supostos previstos no artigo 10.1, os proxectos operativos presentados polas compañías serán valorados de forma transparente e non discriminatoria, por un comité técnico de valoración, adscrito á Dirección Xeral de Aviación Civil, coa composición e funcións que se establecen neste artigo.

2. O comité técnico de valoración estará presidido polo responsable da unidade da Dirección Xeral de Aviación Civil con competencias en materia de convenios internacionais de servizos aéreos.

O comité técnico de valoración estará integrado por tres vogais designados polo seu presidente, entre o persoal con cualificación técnica suficiente que preste servizos na Secretaría de Estado de Transportes ou nos órganos directivos dependentes dela.

Actuará como secretario do comité o vogal con menor rango, antigüidade e idade, por esta orde.

A constitución e o funcionamento do comité técnico de valoración serán atendidos cos medios persoais e materiais da Dirección Xeral de Aviación Civil e, se é o caso, en relación coa súa composición, cos medios persoais da Secretaría de Estado ou dos órganos directivos dependentes dela, sen que implique incremento do gasto público.

3. Este comité técnico de valoración rexerese polas regras previstas para os órganos colexiados no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Para realizar a valoración dos proxectos poderán solicitar cantos datos ou informes considere necesarios, ben a outros órganos ou entidades do Ministerio de Fomento, ben a sociedades que teñan a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado. Así mesmo, o comité técnico de valoración poderalles requirir aos interesados a aclaración de calquera cuestión que xurda en relación cos proxectos presentados.

O comité técnico de valoración poderase constituír e adoptar os seus acordos utilizando medios electrónicos, de conformidade co previsto na disposición adicional primeira da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

4. O comité técnico de valoración, unha vez examinados os proxectos conforme os criterios de valoración establecidos no artigo 12 e determinado o valor ou marxes de valor que se debe atribuír a cada un deles, de conformidade co previsto no acordo de iniciación, elaborará un informe técnico de valoración e asignación de dereitos de tráfico.

5. Elaborado o informe técnico de valoración e asignación de dereitos de tráfico, o órgano instrutor dará audiencia aos interesados no procedemento por un prazo de 10 días.

Artigo 12. *Criterios de valoración dos proxectos operativos.*

O comité técnico de valoración elaborará o seu informe técnico de valoración e asignación de dereitos de tráfico con base nos seguintes criterios:

a) A optimización do uso dos dereitos de tráfico aos cales se concorre, valorando, entre outros, as características da ruta, os itinerarios propostos, o número de frecuencias e a capacidade das aeronaves, os enlaces previstos e o tipo de operación.

- b) Os beneficios para os consumidores en termos de calidade/prezo e accesibilidade.
- c) A viabilidade técnica, comercial e económica do proxecto e as garantías sobre a continuidade da operación dos servizos, atendendo, entre outros, á situación económica-financiera da compañía, ao plan de viabilidade económica do proxecto e ao seu impacto competitivo, así como á súa pertenza a unha alianza.
- d) O impacto económico e ambiental do proxecto, tendo en conta, entre outros, a oferta e demanda prevista, os contratos, a incidencia das novas rutas na economía da rexión desde a cal se operen e as condicións de aeronavegabilidade das aeronaves que se prevé utilizar, a adaptación ao esquema de comercio de emisións e a loita contra o cambio climático.
- e) O impacto do proxecto sobre a competencia, tendo en conta, entre outros, o acceso de novos operadores e a diversificación de compañías operadoras.
- f) O impacto do proxecto na ampliación das rutas aéreas e a conexión das rexións, atendendo, entre outros, á apertura de novas rutas aéreas, á utilización de novos aeroportos españois e á mellora na conectividade das rexións e aos pasaxeiros, con novas rutas, aumento dos días de operación, das frecuencias, dos horarios ou dos tempos de conexión.
- g) A adecuación do proxecto ás condicións adicionais fixadas pola Dirección Xeral de Aviación Civil pola natureza e necesidades do mercado, conforme o previsto no artigo 7.1.

Artigo 13. *Terminación do procedemento.*

1. Recibida a proposta de resolución, o director xeral de Aviación Civil poñerá fin ao procedemento mediante resolución na cal, se procede, se acorde a asignación dos dereitos dispoñibles e as condicións de exercicio de tales dereitos.

Ademais, a resolución debe conter o solicitante ou relación de solicitantes aos cales se asignan os dereitos de tráfico, así como, se é o caso, a desestimación expresa do resto das solicitudes e, nos supostos previstos no artigo 10.1, o resultado da valoración dos proxectos operativos que concorren ao procedemento.

O director xeral de Aviación Civil poderá motivar a resolución con remisión ao informe técnico previsto no artigo 11.4 ou á proposta de resolución.

2. En calquera caso, a resolución que poña fin ao procedemento poderá deixar deserta a asignación de dereitos de tráfico ou non asignar todos os dispoñibles, cando non quede acreditado que se garanten suficientemente a viabilidade e continuidade das operacións cuxa asignación se solicita, estas carezan de entidade para garantir os servizos de transporte aéreo entre España e o Estado terceiro ou o bo uso dos dereitos de tráfico en beneficio do interese xeral ou dos usuarios do transporte aéreo.

No prazo máximo de seis meses desde a data de resolución en que se acorde deixar deserta a asignación de dereitos de tráfico ou en que non se asignen todos os dereitos dispoñibles, a Dirección Xeral de Aviación Civil convocará un novo procedemento de asignación conforme o previsto no artigo 7, salvo que a causa de tal resolución sexa a ausencia ou a insuficiencia de solicitudes.

3. Fronte á resolución, que deberá notificarse a todos os interesados no prazo máximo de tres meses desde a adopción do acordo de iniciación, poderase interpoñer o recurso de alzada previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o secretario de Estado de Transportes, no prazo dun mes.

4. O vencemento do prazo máximo para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa non exime a Dirección Xeral de Aviación Civil do cumprimento da obriga legal de resolver.

Non obstante, transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo, de conformidade co previsto no artigo 44.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e interpoñer fronte á resolución presunta o recurso de alzada previsto no punto anterior, no prazo de tres meses a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

O transcurso do prazo máximo para resolver suspenderase cando se lles requiran aos interesados a emenda de deficiencias ou a achega de documentos e outros elementos de xuízo necesarios, polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e o seu efectivo cumprimento polo destinatario, de conformidade co previsto no artigo 42.5, letra a), da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. Concluído o procedemento, a Dirección Xeral de Aviación Civil remitiralle á Axencia Estatal de Seguridade Aérea información sobre os dereitos de tráfico asignados en cada procedemento, co obxecto de que esta autorice, se procede, os programas de servizos aéreos das compañías aéreas.

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea non autorizará os programas de servizos aéreos se non queda acreditado que a Dirección Xeral de Aviación Civil asignou os correspondentes dereitos de tráfico.

CAPÍTULO IV

Control, revogación e transferencia dos dereitos de tráfico asignados en mercados con limitacións

Artigo 14. *Obrigas das compañías aéreas no exercicio de dereitos de tráfico.*

1. As compañías aéreas que operen dereitos de tráfico adquiridos conforme o previsto no capítulo III están obrigadas a facer uso efectivo de tales dereitos de tráfico nas condicións acordadas na resolución de asignación e no que non se aparten desta no proxecto operativo presentado.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, en supostos de forza maior a Dirección Xeral de Aviación Civil, logo de solicitude das compañías aéreas, poderá autorizar, excepcionalmente e por tempo determinado:

- a) Unha moratoria no cumprimento das obrigas das compañías aéreas, ou
- b) Unhas condicións de uso dos dereitos de tráfico asignados distintas das establecidas na resolución de asignación e, se é o caso, no proxecto operativo presentado.

3. A Dirección Xeral de Aviación Civil poderá autorizar, por instancia da compañía aérea afectada e por causa debidamente xustificada, a demora na iniciación da prestación do servizo ou a súa interrupción temporal, en ambos os casos, por un período non superior a seis meses.

Artigo 15. *Control do cumprimento das obrigas das compañías aéreas.*

1. Correspóndelle á Dirección Xeral de Aviación Civil verificar a utilización efectiva polas compañías aéreas dos dereitos de tráfico asignados nas condicións establecidas na resolución de asignación ou nas autorizacións extraordinarias a que se refire o artigo 14.2 e 3.

Para iso, poderá solicitar cantos datos ou informes considere necesarios, ben a outros órganos ou entidades do Ministerio de Fomento, ben a sociedades que teñan a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado.

2. A Dirección Xeral de Aviación Civil terá en conta as reclamacións debidamente xustificadas, presentadas por compañías aéreas competidoras por uso ineficiente ou non uso dos dereitos de tráfico.

Artigo 16. *Revogación.*

1. A Dirección Xeral de Aviación Civil, logo de audiencia da compañía aérea no prazo de 10 días hábiles, revogará de forma definitiva os dereitos de tráfico asignados, cando a compañía aérea:

- a) Non comece a operar os voos ou non opere todos os previstos na data de comezo das operacións, segundo proceda, de conformidade co acordado na resolución de asignación, no proxecto operativo ou na autorización concedida pola Dirección Xeral de Aviación Civil conforme o artigo 14.

b) Interrompa a operación ou non a retome nos termos en que se acordase na autorización concedida pola Dirección Xeral de Aviación Civil conforme o previsto no artigo 14.

c) Incumpra as condicións acordadas na resolución de asignación e, se é o caso, no proxecto operativo presentado ou na autorización concedida pola Dirección Xeral de Aviación Civil conforme o previsto no artigo 14, de modo que afecte gravemente a eficiencia do uso dos dereitos de tráfico asignados, a calidade do servizo e os beneficios para os usuarios.

d) Perda a súa licenza de explotación.

e) Incumpra gravemente as obrigas derivadas da normativa aplicable na prestación de servizos aéreos, dos acordos internacionais conforme os que foron concedidos os dereitos de tráfico ou doutras normas internacionais.

2. A revogación do dereito a operar os dereitos de tráfico non ten carácter sancionador e enténdese sen prexuízo da aplicación do réxime de infraccións e sancións previsto na normativa aplicable.

3. Fronte ao acto de revogación poderase interpoñer o recurso de alzada previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o secretario de Estado de transportes, no prazo dun mes.

Artigo 17. *Renuncia.*

En calquera momento as compañías aéreas que obtivesen dereitos de tráfico conforme o previsto no capítulo III poderán renunciar a proseguir no seu uso comunicándollo á Dirección Xeral de Aviación Civil cunha antelación mínima de tres meses á data prevista para o cesamento das operacións.

Artigo 18. *Transferencia de dereitos de tráfico.*

A Dirección Xeral de Aviación Civil poderá autorizar a transferencia dos dereitos de tráfico obtidos conforme o capítulo III a unha compañía aérea que se fusione ou sexa absorbida por outra, sempre que se garantan as condicións iniciais da asignación e a transferencia non afecte negativamente a valoración efectuada, de conformidade co previsto no artigo 12, letra e).

A compañía aérea que solicite a transferencia dos dereitos de tráfico está obrigada a incorporar á solicitude información sobre calquera procedemento ou investigación que se iniciase como consecuencia da fusión ou absorción polas autoridades competentes en materia de defensa da competencia.

CAPÍTULO V

Dereitos de tráfico en mercados nos cales non existe limitación

Artigo 19. *Exercicio dos dereitos de tráfico.*

Os dereitos de tráfico derivados de acordos de servizos de transporte aéreo con Estados terceiros que non prevexan limitacións no número de dereitos de tráfico ou no número de compañías aéreas que poden operalos serán libremente exercidos polas compañías aéreas que reúnan as condicións establecidas no acordo suscrito, logo de autorización do seu programa de operacións pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Artigo 20. *Control e revogación.*

1. Correspóndelle á Dirección Xeral de Aviación Civil o control e a supervisión de que os dereitos de tráfico regulados neste capítulo se exercen de conformidade co previsto no acordo de servizos de transporte aéreo de que derivan e na normativa aplicable á prestación de servizos aéreos.

Con este obxecto, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea transmitirá á Dirección Xeral de Aviación Civil, semestralmente e coincidindo co final de cada temporada de tráfico aéreo, información detallada dos dereitos de tráfico que foron autorizados e das operacións realizadas por esas compañías aéreas nestes mercados ilimitados.

Para estes efectos enténdese por temporada de tráfico aéreo as establecidas pola Asociación Internacional de Tráfico Aéreo (International Air Transport Association IATA).

2. A Dirección Xeral de Aviación Civil revogará o exercicio destes dereitos de tráfico nos supostos previstos no artigo 16.1, letras d) e e), e cando a operación de tales dereitos de tráfico non garanta a continuidade e viabilidade da operación ou o bo uso dos dereitos de tráfico en beneficio do interese xeral ou dos usuarios do transporte aéreo.

Disposición transitoria única. *Dereitos de tráfico operados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

1. Os dereitos de tráfico asignados antes da entrada en vigor deste real decreto manterán a súa vixencia nas mesmas condicións con que foron outorgados.

Non obstante, a eses dereitos de tráfico xa asignados seralles de aplicación o capítulo IV deste real decreto, relativo ao réxime de control, revogación e transferencia dos dereitos de tráfico recoñecidos.

2. Así mesmo, os dereitos de tráfico que se estivesen operando con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto sen que for precisa a súa asignación quedan suxeitos ao réxime de control previsto no capítulo V.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.20.^a da Constitución en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo.

Disposición derradeira segunda. *Réxime supletorio.*

No non previsto expresamente neste real decreto será de aplicación a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e o resto da lexislación aplicable en España por razón da materia.

Disposición derradeira terceira. *Aplicación de dereito da Unión Europea.*

Este real decreto desenvolve no ordenamento xurídico español o mandado recollido no Regulamento (CE) n.º 847/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre a negociación e aplicación de acordos de servizos de transporte aéreo entre Estados membros e Estados terceiros.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento normativo.*

O ministro de Fomento ditará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
JOSÉ BLANCO LÓPEZ